

ANUNCIO da Comisión de valoración do procedemento de concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores durante os anos 2018 e 2019 polo que se convoca aos candidatos admitidos á realización da proba de idioma así como á posterior entrevista.

De conformidade co establecido no artigo 12.4 da resolución de 2 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases para a concesión bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2018-2019 publicada no DOG núm. 153 do 10 de agosto de 2018 procédese a convocar aos candidatos admitidos á proba de idioma e a entrevista persoal.

PROBA DE IDIOMA:

Día: 18 de outubro de 2018

Hora chamamento: 9:00

Hora exame: 9:10

LUGAR: AULA 206, 2ª planta, Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG). Estrada Santiago-Noia km3 (Lugar de A Barcia) 15897 – Santiago de Compostela.

ENTREVISTA PERSOAL:

Día: 18 de outubro de 2018

Horario entrevistas: de 10:30 a 14:00

LUGAR: Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia Estrada Santiago-Noia km3 (Lugar de A Barcia) 15897 – Santiago de Compostela

Segundo o establecido nas bases da convocatoria, a proba de idioma desenvolverase en dous exercicios:

-primeiro exercicio: consistirá nunha tradución ou redacción dun texto na lingua oficial do país elixido.

-segundo exercicio: consistirá nunha proba oral na que se avalíen as competencias en expresión e comprensión da persoa candidata na lingua do país receptor.

Posteriormente, a partir das 10:30 horas terá lugar a entrevista persoal na sede da Axencia Turismo de Galicia – Dirección de Competitividade.

O chamamento comezará dez minutos antes da proba de idioma. Os candidatos deberán presentar á entrada á proba o DNI ou documento de identificación equivalente. Non estará permitido o acceso ao exame a aquelas persoas que non acrediten a súa identificación.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018

O presidente da Comisión de valoración

José Luis Maestro Castiñeiras

